

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A MELLORA E INNOVACIÓN DA RESTAURACIÓN E HOSPEDAXE COMPOSTELÁ DO PLAN DE REACTIVACIÓN DO SECTOR TURÍSTICO COVID19- ANTICIPADO DE GASTO

ANUALIDADE 2020

1º Obxecto

O obxecto destas bases é regular a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para a mellora e innovación da restauración e da hospedaxe compostelás no novo contexto económico derivado da COVID-19, correspondentes á anualidade 2020 no marco do Plan de Reactivación do Sector Turístico aprobado polo Concello de Santiago con motivo da situación derivada da COVID-19.

Os obxectivos específicos destas axudas, que tratan de fomentar a cultura da innovación na restauración e hospedaxe compostelá como ferramenta fundamental para incrementar a súa competitividade empresarial e facilitar a adaptación ao novo contexto económico derivado da COVID-19, son:

- Promover a implantación de tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).
- Mellorar as condicións físicas dos locais en cuestións relacionadas coa distribución e funcionalidade dos espazos, a accesibilidade, a sostibilidade e o atractivo comercial.
- Dotar os establecementos de equipamento e tecnoloxía que melloren a súa competitividade.
- Implementar procesos de mellora comunicativa.
- Incorporar ou ampliar o uso da lingua galega.
- Achegar recursos para atender investimentos e gastos correntes realizados con motivo da situación derivada da COVID-19, e facilitar a recuperación económica do sector da restauración e hospedaxe.

A convocatoria inclúe tres liñas de subvención, compatibles entre si:

-Liña A: axudas para investimentos na adecuación física dos locais, TICs e innovación.

-Liña B: Gastos de comunicación, realizada en lingua galega e/ ou noutros idiomas que contribúan a unha mellor atención da clientela turística recibida no establecemento.


-Liña C: Outros gastos correntes xerados na adecuación dos negocios necesarios por mor da COVID-19

Os gastos subvencionables aparecen relacionados na base terceira desta convocatoria.

2º Persoas beneficiarias

Poderán resultar beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas, ou sociedades civís, legalmente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

- Que a súa actividade principal estea incluída nalgunha das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do imposto de actividades económicas relacionadas no anexo I. establecementos todos eles que foron obrigados ao peche ou á unha notoria restricción da súa actividade pola declaración do Estado de Alarma decretado o 14 de marzo de 2020 por causa da emerxencia sanitaria dada pola pandemia do COVID-19.
- Que o local sobre o que se realice o investimento ou gasto se atope no municipio de Santiago de Compostela.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

- Ser unha pequena empresa, consonte a definición do Regulamento (UE) nº 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, (ocupar menos de cincuenta persoas e ter un volume de negocio anual ou balance xeral anual que non supere os dez millóns de euros).
- Os requisitos deben cumprirse no momento da publicación desta convocatoria no BOP.

3º Gastos subvencionables

Con carácter xeral, consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actuación subvencionada, beneficien ou teñan como lugar de realización a sede de actividade do negocio e sexan realizados e efectivamente pagados desde o 1 de xaneiro de 2020 ata o 2 de novembro de 2020.

Segundo o artigo 29.8º da Lei 9/2007, en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado para outros fins.

Esíxese un mínimo de 600 € (IVE excluído) en gastos xustificadas para poder concorrer a esta convocatoria.

Os gastos teñen que ser pagados por transferencia bancaria, talón bancario, domiciliación bancaria ou cargo en conta a través de tarxeta. Non se aceptan gastos pagados en efectivo.


Detállanse a seguir os gastos subvencionables en cada unha das liñas destas axudas:

Liña A. Investimentos para a adecuación dos locais

- a) Obras de reforma e/ou ampliación do local ocupado pola empresa.
- b) Mellora de illamentos, equipamento e instalacións.
- c) Substitución de ventás, portas ou outros elementos de peche, adquisición/substitución de mobiliario e elementos de decoración, luminarias, intervencións en fachadas e instalación/substitución de letreiros e rótulos comerciais.
- d) Maquinaria e bens de equipo, incluídos os informáticos, relacionados coa actividade produtiva da empresa.
- e) Periféricos e outros compoñentes (lectores de códigos de barras, caixóns portamoedas, impresoras de tickets etc.).
- f) TPV integrados.
- g) Paquetes de software de xestión, organización ou comercialización empresarial e licenzas precisas para a realización da actividade da empresa.
- h) Elementos de seguridade e protección hixiénica adquiridos e/ou instalados para a seguridade de traballadores/as e/ou clientela por mor da COVID-19
- i) Outros investimentos en innovación, relacionados coa incorporación de novos procesos, métodos de comercialización ou de organización empresarial.

Liña B. Gastos de comunicación, realizada en lingua galega e/ ou noutros idiomas que contribúan a unha mellor atención da clientela turística recibida no establecemento.

- a) Honorarios profesionais para o deseño ou actualización da imaxe corporativa, do seu desenvolvemento, aplicacións...



CONCELLO DE SANTIAGO

- b) Honorarios profesionais para o deseño, redacción, programación ou xestión de calquera material comunicativo, físico ou virtual.
- c) Gastos relativos á produción e reprodución de materiais comunicativos, tanto en formato físico como virtual.
- d) Gastos de produción e organización de eventos comunicativos ou promocionais.

Liña C: Outros gastos correntes xerados na adecuación dos negocios necesarios por mor da COVID-19

- a) Gastos de asesoría e consultaría financeira e laboral ordinarios ou extraordinarios realizados.
- b) Honorarios profesionais para asesoramentos relacionados coa organización do servizo, as medidas hixiénico-sanitarias, a comercialización, etc..
- c) Honorarios profesionais para o mantemento e xestión de páxinas web, redes sociais e servizos online.
- d) Honorarios profesionais para o mantemento de redes informáticas e sistemas de xestión empresarial.
- e) Gastos de mantemento de hosting e TPVs virtuais.
- f) Calquera outro gasto corrente que fose preciso para a adecuación dos locais e/ou a modificación dos procesos de prestación de servizos para adecuar os mesmos con motivo da situación derivada da COVID-19.

4º Criterios de concesión

A avaliación das solicitudes realizarase mediante a aplicación dos criterios expostos a seguir.

Liñas A e C:

a. Tamaño da empresa

Valorarase con ata 2.5 puntos que a empresa non supere as vinte persoas traballadoras, segundo a distribución que segue. No cómputo non se incluírán as persoas promotoras:

- 1 punto para as empresas ata 5 persoas traballadoras.
- 1.5 puntos para empresas que teñan entre 6 e 10 persoas traballadoras.
- 2 puntos para empresas entre 11 e 15 persoas traballadoras.
- 2.5 puntos para empresas entre 16 e 20 persoas traballadoras.

b. Uso do galego no proceso empresarial

Valorarase cun máximo de 2 puntos o emprego do galego nos distintos ámbitos empresariais, tanto internos ou de xestión como externos ou relacionais.

Terase en conta que a solicitude estea redactada en lingua galega así como que a páxina web do establecemento ou demais recursos promocionais ou publicitarios dispoñibles se expresen polo menos en lingua galega. Para estes efectos a persoa solicitante deberá indicar na memoria, para a súa comprobación, os enlaces de información correspondentes.

Outorgaranse 0.5 puntos se a instancia e a documentación do proxecto están redactadas en lingua galega e 1.5 puntos se a páxina web do establecemento e demais materiais publicitarios empregados se expresan na mesma lingua.

c. Uso doutras linguas distintas das oficiais nas relacións coa clientela

Valorarase cun máximo de 2 puntos o emprego doutras linguas, distintas das oficiais no territorio galego, no ámbito empresarial externo ou relacional.

Teranse en conta as linguas nas que se presente a páxina web do establecemento ou demais recursos promocionais ou relacionais dispoñibles. Para estes efectos a persoa solicitante deberá indicar na memoria, para a súa comprobación, os enlaces de información correspondentes, así como achegar coa memoria unha mostra dos materiais relacionais empregados.

Outorgaranse 0.5 puntos por cada unha das linguas en que estean expresados a páxina web ou os distintos materiais relacionais empregados.

d. Empregabilidade da muller

Valorarase con 1 punto que sexa muller a persoa titular da actividade. No caso de sociedades deberase acreditar que a muller ten unha participación superior ao 50%.

e. Fomento do asociacionismo

Valorarase con 1 punto a pertenza a unha asociación empresarial.

f. Emprego xuvenil

Valorarase con 1 punto que a persoa titular da actividade sexa unha moza ou mozo de ata 35 anos. No caso de sociedades deberase acreditar que a moza ou mozo ten unha participación superior ao 50%.

g. Nova implantación

Concederase 1 punto cando o investimento ou gasto se realice nun establecemento que iniciara a súa actividade no prazo do último ano, contado desde a data de publicación desta convocatoria no BOP.

No caso de que máis dunha solicitude obteña a mesma puntuación, o desempate realizarase tendo en conta os seguintes criterios e na mesma orde de prioridade:

- Tamaño da empresa
- Que sexa unha moza ou mozo de ata 35 anos o titular da actividade
- O uso do galego

Liña B:

1. Definición de obxectivos e target

Outorgarase un máximo de 2 puntos aos proxectos que recollan explicitamente os obxectivos que persegue a acción de comunicación e definan de xeito preciso o público que pretenden alcanzar.

2. Adecuación aos obxectivos

Os proxectos comunicativos poderán obter un máximo de 3 puntos en función da adecuación das accións que inclúan ao cumprimento dos obxectivos que propoñan.

3. Coherencia comunicativa

Valorarase con 2 puntos a coherencia global da proposta e a súa relación coa imaxe corporativa ou de marca da empresa.

4.Fomento da seguridade sanitaria :

Outorgaranse 3 puntos ás accións dirixidas á divulgación das medidas e mecanismos de garantía da seguridade hixiénico sanitaria tomadas polo establecemento no marco da situación xerada polo COVID-19 que contribúan a xerar confianza na clientela.

5. Uso de canles virtuais

Outorgaranse 2 puntos aos proxectos que inclúan canles virtuais para a súa difusión.

6. Aproveitamento de recursos do patrimonio cultural material ou inmaterial

Poderán obter 1 punto os proxectos en cuxa formulación se teña en conta o patrimonio cultural.

7. Integración no contexto local

Asignarase 1 punto aos proxectos que se interrelacionen co medio máis próximo (integración ou relación con outras liñas de acción do ámbito xeográfico, asociativo, cultural, económico etc.).

8. Calidade lingüística

Outorgaranse ata 2 puntos aos proxectos en función da calidade lingüística dos textos que inclúan.

9. Calidade gráfica

Poderán outorgarse ata 2 puntos en función da calidade gráfica dos materiais.

10. Profesionalización

Contarán con 1 punto os proxectos formulados por profesionais do deseño e a comunicación.

No caso de que máis dunha solicitude obteña a mesma puntuación, o desempate realizarase tendo en conta os seguintes criterios e coa seguinte orde de prioridade:

- Calidade lingüística
- Adecuación aos obxectivos propostos
- Aproveitamento de recursos do patrimonio cultural material ou inmaterial.

5º Contía da subvención

1. A este programa destínanse as seguintes dotacións, con carácter estimativo, dos orzamentos do Concello de Santiago de Compostela correspondentes ao ano 2020:

- Liña A: 50.000 euros
- Liña B: 15.000 euros
- Liña C: 35.000 euros.

2. Establécese ademais unha dotación adicional por importe de 300.000,00 euros, que se distribuirá entre os créditos orzamentarios indicados. A efectividade desta contía adicional queda condicionada á declaración da súa dispoñibilidade logo da aprobación das modificacións orzamentarias que cumpran antes da resolución desta convocatoria.

3. Antes de que se resolva a concesión publicarase no BOP a declaración de créditos dispoñibles e a súa distribución definitiva, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

4. O órgano competente, á vista das solicitudes presentadas e da proposta da comisión de valoración, decidirá o número de proxectos que se van subvencionar con cargo a cada un dos tres apartados anteriores.

5. O importe da subvención será o de menor contía entre os dous seguintes:

a) O calculado segundo a aplicación da seguinte fórmula:

Importe da axuda ao proxecto (i) = (orçamento global da liña da convocatoria á que opta) x (puntuación obtida polo proxecto i)/ suma das puntuacións obtidas por todos os proxectos con dereito a subvención na mesma liña.

b) O 80% do importe total do orzamento de gastos.

En todo caso, a contía individualizada da subvención que se outorgue será como máximo de 5.000 € por liña (é dicir, 15.000 € como máximo para o conxunto das liñas, por persoa beneficiaria).

6. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a persoa beneficiaria.

6º Solicitudes e documentación

1. As solicitudes, segundo o modelo do **anexo II**, dirixiranse á Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (rúa do Presidente Salvador Allende, 4), ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, que estean habilitados.

2. As persoas **solicitantes da liña B**, xunto co anexo II, deberán achegar unha **memoria que describa en lingua galega o proxecto de comunicación para o que solicitan a axuda**, que debe conter os datos necesarios para aplicar os criterios de valoración sinalados nestas bases. Esta memoria debe incluír un orzamento desagregado coas distintas partidas económicas.

3. As persoas **solicitantes das liñas A e C**, xunto co anexo II, deberán achegar unha **memoria para cada unha das liñas a que concorran, na que describan os investimentos ou os gastos para os que solicitan a axuda, xunto cun orzamento desagregado coas distintas partidas económicas**.

4. A presentación da solicitude supón aceptar as bases reguladoras desta convocatoria.

5. Se a solicitude se presenta a través dun medio distinto do Rexistro Xeral do Concello de Santiago, dentro do mesmo prazo límite, enviarase unha copia, xunto co resgardo, selo de entrada ou acreditación de que foi presentada que corresponda, ao enderezo de correo electrónico cersia@santiagodecompostela.gal.

7º Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles e contarase desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP.

8º Instrución do procedemento

Recibidas as solicitudes, os departamento de Promoción Económica levará a cabo a instrución do procedemento e realizarán de oficio cantas actuacións consideren necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se deba formular a proposta de resolución.

9º Corrección de solicitudes. Publicación de listaxes provisionais de persoas beneficiarias

Unha vez recibidas e analizadas as solicitudes presentadas, na web www.cersiaempresa.gal publicaranse as seguintes listaxes:

Listaxe A). Listaxe de persoas propostas como beneficiarias.

Deberán presentar, no prazo de dez días hábiles e polos mesmos medios indicados na base 6ª, os documentos en formato orixinal ou copia compulsada que se indican a seguir, xunto co modelo do **anexo**

III. De non o facer, entenderase que desisten do seu pedimento e dítase unha resolución neste sentido nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

- Alta no réxime de autónomos das persoas promotoras.
- Escritura de constitución da sociedade mercantil, se é o caso
- Certificado de situación censual emitido pola Axencia Tributaria do Estado.
- NIF da persoa física ou xurídica. Se se trata dunha persoa xurídica achegarse tamén o documento de identidade da persoa que posúe a representación da sociedade e o documento que acredite esta representación.
- Certificados de estar ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Xunta de Galicia. Comprobarase de oficio que a persoa solicitante está tamén ao corrente co Concello de Santiago. Estes certificados só terán que achegarse se a proposta de subvención é igual ou superior a 3.000 €.
- Documentación acreditativa do número de persoas empregadas na empresa (RNT e RLC) o mes anterior á presentación da solicitude ou, se é o caso, certificación da Seguridade Social de que non existe persoal empregado.
- Se é o caso, certificado expedido polo órgano competente que acredite formar parte dunha asociación empresarial.

As persoas incluídas na listaxe de posibles beneficiarias cuxas solicitudes presenten defectos deberán emendar o que se indique dentro dos mesmos dez días de prazo para presentar a documentación anterior, que, así mesmo, deben achegar. De non o facer, entenderase desisten do seu pedimento e dítase unha resolución neste sentido nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

Listaxe B). Listaxe de agarda.

Para o caso de se presentaren máis solicitudes das que poden ser atendidas coa dotación prevista, unha vez ordenadas segundo os criterios destas bases, formarán esta listaxe aquelas susceptibles de seren propostas como beneficiarias se se producen baixas na listaxe A). De se producir esta circunstancia seralles notificada individualmente.

Listaxe C). Listaxe de solicitudes rexeitadas por non cumpriren os requisitos da convocatoria para os efectos de que, se así o consideran, poidan formular alegacións no prazo de dez días hábiles.

10º Resolución do órgano competente

1. A avaliación das solicitudes, consonte os criterios de valoración establecidos na base 4ª, será realizada por unha comisión avaliadora composta polos seguintes membros:

Presidente/a: o alcalde


Vogais: a concelleira de Urbanismo e Cidade histórica, o concelleiro de Turismo e tres técnicos/as municipais nomeados/as pola Presidencia.

Actuará como secretaria da comisión unha das persoas nomeadas como vogal técnica.

2. Á vista da instrución do procedemento e da avaliación efectuada, o alcalde formulará a proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, que será o órgano competente para resolver.

3. O procedemento resolverase no prazo máximo dun mes a partir da data límite de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución expresa, a solicitude entenderase rexeitada por silencio administrativo.

11º Xustificación



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

1. A data límite de xustificación será o 2 de novembro de 2020.
2. A xustificación do investimento ou gasto realizado, segundo o **modelo do anexo IV**, dirixirase á Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela e presentarse polos mesmos medios indicados na base 6ª.
3. O modelo de xustificación (anexo IV) deberá ir acompañado da seguinte documentación en orixinal ou fotocopia compulsada.

- Certificado bancario de titularidade de conta.

- Certificados de estar ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Xunta de Galicia. Comprobarase de oficio que a persoa solicitante está tamén ao corrente co Concello de Santiago. Se o importe da subvención concedida fose inferior a 3.000 € será suficiente con cubrir o apartado correspondente do modelo incluído no anexo IV, no que se declara responsablemente que a persoa está ao corrente con estas administracións.

- Memoria descritiva do investimento ou do gasto realizado, acompañada das facturas, ou documentos substitutivos nos casos previstos no RD 1496/2003 polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, que acrediten a realización dos gastos, en relación nominativa, agrupados por accións realizadas, segundo corresponda. Deberán achegarse os comprobantes de pagamento (con selo do banco orixinal) mediante transferencia bancaria e/ou domiciliación do gasto en conta corrente. Non se admitirán orzamentos ou facturas proforma.

Cando o importe do gasto subvencionable sexa igual ou superior á contía de 15.000 euros, no suposto de subministración ou prestación de servizos, ou de 40.000 euros, no caso de obras, a persoa beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que os subministren ou presten ou que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación, realizarase consonte os criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

4. A xustificación deberá alcanzar cando menos o importe da subvención concedida.


Se existen outras subvencións para o mesmo proxecto, o importe que cómpre xustificar será a suma de todas elas.

12º Recursos

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditara a resolución impugnada, consonte o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

13º Obrigas das persoas beneficiarias

- Colaborar na realización de visitas de seguimento e control e facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención do Concello, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, así como por calquera outra institución nacional ou comunitaria que interveña no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.



CONCELLO DE SANTIAGO

- Comunicar ao órgano concedente, en canto se coñeza, calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
- Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Estas medidas deberán adecuarse ao obxecto subvencionado e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas, material impreso, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos legalmente establecidos.
- As restantes obrigas establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 xeral de subvencións.

14º Incompatibilidades

1. Esta axuda quedará suxeita ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán excederse os límites cuantitativos (200.000 euros nun período de tres anos, agás para o sector do transporte por estrada que é de 100.000 euros) establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE nº L379/5, do 28 de decembro).

2. Será compatible con outras subvencións ou axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, co límite establecido na base 5ª apartado 5, **excepto** coa convocatoria de axudas para a mellora e innovación do comercio local. Coidar para mellorar. Anualidade 2020, coa que será totalmente incompatible.

15º Reintegro

Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora que cumpran, **no caso da non reapertura do establecemento no prazo dun mes desde a resolución da convocatoria**, así como nos demais casos e nos termos previstos no título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e da Lei 38/2003 xeral de subvencións e normativa de desenvolvemento.

16º Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución e eventualmente á súa revogación.

17º Entrada en vigor e vixencia

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

18º Financiamento

1. Esta convocatoria está dotada cun crédito de 100.000 euros distribuído, de xeito estimativo, entre os créditos orzamentarios que seguen:

- Liña A : 50.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 070 43200 4790000
- Liñas B e C: 50.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 070 43200 7700000.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

2. Conforme ao establecido na Base 29ª das Bases de execución do orzamento de Santiago de Compostela para o ano 2020, esta convocatoria tramítase por anticipado de gasto e queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente, unha vez entre en vigor o crédito extraordinario 2020-CREXT-05 aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal con data do 28 de maio do 2020. En ningún caso se poderán conceder estas axudas previamente á entrada en vigor deste crédito extraordinaria.

3. Conforme ao artigo 58 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establécese, ademais, unha dotación adicional por importe de 300.000,00 euros que se distribuirá entre os créditos orzamentarios indicados. A efectividade desta contía adicional queda condicionada á declaración da súa dispoñibilidade logo de que se aproben as modificacións orzamentarias que cumpran e antes da resolución desta convocatoria.

4. Antes de que se resolva a concesión publicárase no BOP a declaración de créditos dispoñibles e a súa distribución definitiva, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

Anexos dispoñibles na páxina web www.cersiaempresa.gal

Anexo I. Epígrafes do imposto de actividades económicas subvencionables.

Anexo II. Modelo de solicitude.

Anexo III. Modelo para achegar documentación en caso de resultar beneficiaria.

Anexo IV. Xustificación de subvención.

ANEXO I

EPÍGRAFES DO IAE SUBVENCIONABLES

- 671. Servizos en restaurantes
- 672. Servizos en cafeterías
- 673. Servizos en cafés e bares, con e sen comida
- 674.5. Servizos que se presten en sociedades, círculos, casinos, clubs e establecementos análogos.
- 676. Servizos en chocolaterías, xaderías e horchaterías
- 677.9. Outros servizos de alimentación propios da restauración
- 681. Servizo de hospedaxe en hoteis e moteis
- 682. Servizo de hospedaxe en hoteis e pensións
- 683. Servizo de hospedaxe en fondas e casas de hóspedes
- 684. Servizo de hospedaxe en hoteis-apartamentos
- 687. Campamentos turísticos nos que se prestan os servizos mínimos de salubridade coma auga potable, lavabo, vertedeiros etc.



CONCELLO DE
SANTIAGO

ANEXO II MODELO DE SOLICITUDE CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A MELLORA E INNOVACIÓN DA RESTAURACIÓN E HOSPEDAXE COMPOSTELÁ ANUALIDADE 2020	
1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA QUE SOLICITA	
DI / NIF	Nome e apelidos / Razón social
Enderezo completo	
Municipio	Código postal
Correo electrónico	
Nome comercial do establecemento	
Epígrafe do IAE	
2. DATOS PARA NOTIFICACIÓN	
DI / NIF	Nome e apelidos / Razón social
Enderezo completo	
Municipio	Código postal
Correo electrónico	
3. DOCUMENTACIÓN	
Memoria do investimento para o que se solicita a axuda (liña A)	



CONCELLO DE
SANTIAGO

Memoria do proxecto de comunicación en lingua galega (liña B)

Memoria do gasto para o que se solicita a axuda (liña C)

4. DATOS PARA AVALIAR OS CRITERIOS DE CONCESIÓN (cubrir ou marcar o que corresponda)

4.1. LIÑAS A e C

Número de persoas empregadas (non incluír as persoas promotoras)

Xénero da persoa titular da empresa: Muller / Home. No caso de sociedades mercantís, marcar o xénero da persoa ou persoas que posúen máis do 50% do capital social da empresa: Muller / Home

Idade da persoa titular da empresa:

Pertenza a algunha asociación empresarial : Si / Non. Se a resposta é afirmativa, indique cal:

Fomento da seguridade sanitaria, indique se a acción ten relación directa coa divulgación das medidas e mecanismos de garantía da seguridade hixiénico sanitaria tomadas polo establecemento no marco da situación xerada polo COVID-19 que contribúan a xerar confianza na clientela

Para os efectos da valoración dos usos lingüísticos na empresa, indique os enlaces de información:

4.2. LIÑA B: Avaliarase coa memoria que debe acompañar esta solicitude e incluír os datos necesarios para analizar os criterios que sinalan as bases.

5. COMPROMISOS QUE ADQUIRE:

- Acepta as bases da convocatoria de subvencións na súa integridade.
- Cumpre os requisitos para optar ás axudas previstas nesta convocatoria.
- Comprométese a comunicar calquera axuda que obteña de administracións públicas ou doutros entes para o mesmo proxecto.

6. DECLARACIÓN RESPONSABLE: (sinale o que corresponda)

Declaro de xeito responsable:

- Que os datos e documentos que achego son certos e auténticos.
- Que no momento da presentación desta solicitude, o establecemento SI/NON (rodear o que proceda) está aberto ao público.
- Que a empresa está ao corrente nos pagamentos á Seguridade Social, á Axencia Estatal da Administración Tributaria e á Xunta de Galicia.
- Que a empresa non incorre en ningunha das prohibicións para ser beneficia de subvencións públicas, recollidas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- Que para o mesmo proxecto se solicitaron e/ou obtiveron as axudas que se relacionan a seguir:


Axuda	Organismo	Disposición reguladora	Solicitada / concedida	Ano	Importe

Oficina de Promoción Económica dependente de Alcaldía do Concello de Santiago e Compostela. .

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela

Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.gal. Páxina web: www.cersiaempresa.gal



CONCELLO DE
SANTIAGO

- Que para este proxecto non se solicitou nin obtivo ningunha axuda doutras administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

7. SOLICITUDE QUE FORMULA

Unha subvención dentro da convocatoria de concorrencia competitiva para a mellora e innovación da restauración e hostalería compostelá, anualidade 2020, na(s) liña(s):

- Liña A: axudas para investimentos na adecuación física dos locais, TIC e outras innovacións por unha contía de _____ euros.
- Liña B: axudas para gastos de comunicación realizada en lingua galega, por unha contía de _____ euros.
- Liña C: axudas para gastos na adecuación dos negocios e en servizos profesionais relacionados coa innovación ou coa recuperación económica necesaria por mor da COVID-19, por unha contía de _____ euros.

Santiago de Compostela, de de 2020.

(Asinado pola persoa interesada)


ALCALDÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

ANEXO III

MODELO PARA ACHEGAR DOCUMENTACIÓN EN CASO DE RESULTAR BENEFICIARIA

1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA QUE PRESENTA A DOCUMENTACIÓN	
DI / NIF	Nome e apelidos / Razón social
Enderezo completo	
Municipio	Código postal
Correo electrónico	
2. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA BENEFICIARIA	
Nome comercial do establecemento	
Enderezo completo	
Municipio	Código postal
3. DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA (marque o que corresponda)	



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

- Alta no réxime de autónomos das persoas promotoras.
- Escritura de constitución da sociedade mercantil.
- Certificado censual emitido pola Axencia Tributaria do Estado
- Tarxeta de identificación fiscal da empresa
- Documento de identidade da persoa representante
- Poder de representación
- Certificados de estar ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e Xunta de Galicia (só no caso de que a proposta de subvención sexa igual ou superior a 3.000 €)
- Documentación acreditativa do número de persoas empregadas na empresa (RNT e RLC) ou, se é o caso, certificación da Seguridade Social de que non conta con persoal empregado.
- Certificado expedido polo órgano competente de estar integrado nun centro comercial aberto, asociación empresarial.
- Emenda da solicitude inicial

Se algunha documentación consta xa en poder do Concello e non desexa presentala, deberá indicar a seguir os documentos de que se trata e identificar o expediente en que constan.

Neste caso, enténdese que manifesta expresamente que a documentación non tivo modificacións.

Documento _____ Expediente _____

Documento _____ Expediente _____

Santiago de Compostela, de de 2020

(Asinado pola persoa interesada)

ALCALDÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

ANEXO IV

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A MELLORA E INNOVACIÓN DA RESTAURACIÓN E HOSPEDAXE
COMPOSTELÁ
ANUALIDADE 2020

DI / NIF	Nome e apelidos
Enderezo completo	
Municipio	Código postal
Correo electrónico	

En nome propio ou en representación da entidade beneficiaria que segue:

Nome
NIF

CERTIFICO:

1º. Que as accións para as que se concedeu a subvención, e que a seguir se detallan, foron realizadas na súa totalidade

Nome da actividade, programa, actuación...: Liña A:
--

Liña C:

Nº de factura	Concepto	Importe (sen IVE)	Data de pagamento
	Importe total que se xustifica		

Que se achegan as facturas ou documentos substitutivos correspondentes a estes gastos, así como a xustificación do seu pagamento.


3º. Que as subvencións solicitadas ou concedidas por outras entidades para a realización da actividade subvencionada foron as seguintes:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE
Total	

4º. Que os restantes gastos xerados pola actividade subvencionada foron financiados con cargo a _____.

5º. Que o importe dos ingresos e subvencións concedidas non supera o importe total dos gastos xerados e todas as achegas se destinaron á actividade subvencionada.

6º . Que a empresa está ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Xunta de Galicia e non incorre en ningunha das prohibicións para ser beneficia de subvención públicas, recollidas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

Certificado bancario de titularidade de conta.

Certificados de estar ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Xunta de Galicia (só se o importe da subvención concedida é igual ou superior a 3.000 €).

Memoria descriptiva do investimento ou do gasto realizado.

Facturas ou documentos substitutivos

Comprobantes de pagamento (con selo do banco orixinal)

Santiago de Compostela, ____ de _____ de _____

(Sinatura)

ALCALDÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.